



## CONVOCATORIA DE ELECCIÓN A PRESIDENCIA DO CLUBE NÁUTICO CASTRELO DE MIÑO 2017

A Xunta Directiva do Club Náutico Castrelo de Miño en reunión celebrada o 18 de Outubro de 2017 á vista de que se vai cumprir o prazo de 4 anos dende que fora elixida a actual Presidenta do club Dona Beatriz Alberte Castiñeiras, acordou realizar a convocatoria das Eleccións á Presidencia para o día 27 de Outubro de 2017, día no que se inicia o proceso.

O proceso rexirase segundo o estipulado nos estatutos do club (aprobados na Asemblea Xeral Extraordinaria de socios con data de 22/07/13) e concretamente no Réxime Electoral recollido no Regulamento de Réxime Interno do club (aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria de socios con data de 25/02/05).

O Réxime Electoral poderá ser consultado, xunto co censo e calendario electoral e mailo certificado de nomeamento da Xunta Electoral, no “Tablón de Anuncios” das oficinas do clube en horario de luns a venres de 18:00 h. a 21:00 h.

O Censo Electoral está constituído por tódolos socios de número con dereito a voto.

A Xunta Electoral está constituída por 4 persoas, os 3 membros da Comisión Disciplinaria máis un socio de número elixido a sorteo, sendo o órgano competente para xestión e control do proceso electoral gozando de plenas facultades para resolver calquera cuestión relativa ao mesmo ata que o novo Presidente tome posesión. As actas das reunións da Xunta Electoral así como toda a información e documentación relativa ao proceso serán expostas no “Tablón de Anuncios” do clube según os prazos establecidos no calendario electoral.

O Calendario Electoral aprobado é o seguinte:

- **27/10/17:** Convocatoria de eleccións, con publicación da mesma e do censo electoral provisional no “Tablón de Anuncios” do Clube, e co envío ós socios da convocatoria e notificación da súa presenza ou non no censo electoral.  
**03/10/17:** Último día para a presentación de reclamacións ao censo provisional.

☎/📍 988. 49.31.14 - Avda Alejandro Ferrer s/n 32430 - Castrelo de Miño OURENSE

E-mail: [info@clubnauticocastrelo.es](mailto:info@clubnauticocastrelo.es) - Web: [www.clubnauticocastrelo.es](http://www.clubnauticocastrelo.es)



**06/11/17:** Publicación do censo definitivo e inicio do prazo para a presentación de Cadidaturas a Presidente.

- **10/11/17:** Último día para a presentación de Candidaturas e programas electorais, na oficina do Clube.
- **12/11/17:** Proclamación das candidaturas e dos programas electorais das mesmas, as que resulten aprobadas serán expostas no “Tablón de Anuncios” do Clube.
- **20/11/17:** Último día de impugnación de candidaturas.
- **21/11/17:** En caso de resultar unha única candidatura a Xunta Electoral levantará un acta reflexando que non é necesario efectuar votación e proclamando como gañadora a esa única candidatura, que terá un prazo de 7 días naturais para tomar posesión.
- **22/11/17 a 24/11/17:** Exposición, polos candidatos correspondentes, dos seus programas electorais.
- **25/11/17: DÍA DA VOTACIÓN:** Efectuarase a votación de 16.00 h. a 21.00 h. na sede social do clube (ás 21:30 h. celebraráse Asemblea Xeral Extraordinaria de socios para a proclamación do presidente electo).
- **02/12/17:** Toma de Posesión do novo Presidente.

Para o día 25 de Novembro, día da votación, convocarase reunión da Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios para as 21:30 h. en primeira convocatoria e as 22:00 h. en segunda, con un único punto na orde do día que será a proclamación do Presidente electo trala votación.